


**Facultade de Filoloxía e Tradución
Universidade de Vigo**

**Acta de Xunta extraordinaria de
Facultade
9 de febreiro de 2017**



ASUNTO: Convocatoria de Xunta de Facultade

Por orde do Decano convócoa/o a unha sesión extraordinaria da Xunta de Facultade de Filoloxía e Tradución, que se vai celebrar o vindeiro día 9 de febreiro, xoves, ás 13:00h en convocatoria única, no Salón de Actos da FFT, co seguinte punto único

ORDE DO DÍA:

Informe do decano sobre posibles cambios no mapa de titulacións de Galicia

Vigo, 7 de febreiro de 2017



A Secretaria

M^a del Carmen Cabeza Pereiro

Nota: No día da xunta de centro, suspéndese a actividade docente das 13:00h ás 15:00h

A/A MEMBROS DA XUNTA DE CENTRO DA FFT

Asistentes:

Equipo decanal

Alonso Bacigalupe, Luis
Cabeza Pereiro, M^a del Carmen
Anaya Revuelta, Inmaculada
Del Pozo Triviño, Maribel
Figueroa Dorrego, Jorge Juan
Rodríguez Barcía, Susana

Sector (A) Profesorado

Álvarez Lugris, Alberto
Angueira Viturro, Anxo
Baltrusch, Burghard
Becerra Suárez, M^a Carmen
Bermúdez Montes, M^a Teresa
Bringas López, Ana
Cortés Gabaudán, Helena
Costas González, Xosé Henrique
Domínguez Castro, Luís
Fariña Busto, M^a Jesús
Fernández Álvarez, M. Santiago
Fernández Rodríguez, Áurea
Fernández Salgado, Xosé A.
Galanes Santos, Iolanda
García González, Marta
García-Miguel Gallego, José M^a.
Garrido Rodrigues, Carlos
Ledo Lemos, Francisco José
Lorenzo García, M^a Lourdes
Luna Alonso, Ana
Luna Sellés, Carmen
Martín Lucas, Belén
Martínez Ínsua, Ana Elina
Mascuñán Tolón, Patricia Silvia
Montero Reguera, José Francisco
Navaza Blanco, Gonzalo
Pereira Rodríguez, Ana M^a
Pérez Rodríguez, M^a Rosa
Quilis Sanz, M^a José
Ramallo Fernández, Fernando
Ribao Pereira, Montserrat
Rifón Sánchez, Antonio
Ripoll Delebourse, Virginia
Rodríguez Guerra, Alexandre
Rodríguez Rodríguez, Beatriz
Rodríguez Vázquez, Rosalía
Rodríguez Vega, Rexina
Sánchez Trigo, M^a Elena
Seoane Posse, Elena C.

Acta da sesión extraordinaria da Xunta de Facultade de Filoloxía e Tradución, que se celebrou o día 9 de febreiro de 2017 no Salón de Actos da Facultade

Ábrese a sesión, en convocatoria única, ás 13:13h

ORDE DO DÍA

Informe do decano sobre posibles cambios no mapa de titulacións de Galicia

O decano informa de que o pasado 26 de xaneiro o reitor convocou a decanos/as e directores/as de centros para explicar a situación dos diferentes graos em relación á anunciada reforma do mapa de titulacións de Galicia. O tema da reunión era “Estado da cuestión sobre o mapa de titulacións”.

Explicou que se trataba de consolidar os títulos actuais, pero que o decreto vixente pon en perigo a continuidade dalgúns graos. En relación aos que non cumpren actualmente os requisitos, o que quere o reitor é conseguir unha moratoria. A intención é que haxa un segundo plan de viabilidade que nos permita chegar ás cifras esixidas.

Dos graos sometidos a plan de viabilidade estarían exentos da desaparición os singulares. O de CLEL non se considera propiamente singular porque hai outros graos en Galicia que teñen contidos semellantes. Si podería considerarse estratéxico, o que tamén conduciría ao resultado de que se mantería. Hai certa expectativa de que o resultado sexa favorable, habida conta que outros 22 títulos están en situacións semellantes, e ademais o noso está bastante mellor que outros dessa listano que atinxe aos números de nova matrícula. Estamos pendentes da resolución por parte do conselleiro, que está anunciada para mediados de febreiro.

O reitor aconsella que manteñamos o esforzo de captación de alumnado e pola internacionalización do grao.

Tamén se tratou na mencionada reunión co reitor a

Solla González, Amparo
Soto Andión, Xosé
Suárez Briones, Beatriz
Sueiro Justel, Joaquín
Valado Fernández, Liliana
Varela Bravo, Eduardo J.
Veiga Díaz, M^a Teresa
Yuste Frías, José

Sector (B) Profesorado
Hernández Arias, Rocío

Sector (C) Alumnado

Arca Castro, Manuel
Barbosa Losada, Víctor
Carrillo Rodríguez, Lara
Fernández Berciano, Enya
Fernández Casanova, Alicia
Freijeiro Ocampo, Eva
García Castro, Laura
García Fonte, Nuria
López Abelenda, Álvaro
López Pais, Cristina
Matos García, Roi
Pereira Romasanta, Raquel
Quevedo Pacín, Pablo
Vilaboa Cebreiro, Manuel

Sector (D) PAS

Fernández Cruz, Manuel
Fernández Piñeiro, M^a Olga
Iglesias van der Woude, Miguel
López Cotón, Rosa
Pérez Pereira, Alberto

Desculpas e ausencias xustificadas

Agustín Guijarro, Javier de
Álvarez Gurdíel, Sara
Báez Montero, Inmaculada C.
Bueno Alonso, Jorge Luís
Chas Aguión, Antonio
Corvo Sánchez, M^a. José
Cruces Colado, Susana
Dasilva Fernández, Xosé Manuel
Díaz Fouces, Óscar
Fernández Mato, Sofía
Fernández Ocampo, Anxo
Fernández Pena, Yolanda
Ferreiro Vázquez, Óscar
García Fuentes, Iván
Gómez Martínez, Alejandro
Lago Lorenzo, Melisa
Lorenzo Suárez, Anxo Manuel

potencial apertura de novos títulos de grao. As expresións de interese para novos graos ou mestrados deben remitirse para finais da semana que vén. As condicións son que se pode abrir un novo título se se pecha outro, non *ex novo*. Para que se poida abrir un novo grao ten que ser algo que non se estea a impartir hoxe en día. Iso significa que os novos egresados teñan atribucións profesionais diferentes que as que teñen os graos actuais. Tamén se mencionou a relación coa especialización do campus (campus da auga, campus do mar, etc.)

As expresións de interese teñen que ser aprobadas en Xunta de Facultade. Necesitaríamos telas para convocar dentro da próxima semana, e a memoria tería que estar lista para o mes de xuño, se é para comezar no curso 2017-2018. Se se quixera propoñer algo para un curso posterior tamén convén manifestalo agora.

Con respecto aos mestrados, a aqueles que non alcancen os 20 alumnos seguirá aplicándose o decreto. Haberá excepcións se se considera que esse mestrado é crucial para a especialización do campus, ou se trata de mestrados internacionais. A terceira posibilidade de manterse é a de seren interuniversitarios.

Pódese pedir un mestrado novo se desaparece outro, ou se é fusión doutros mestrados. Condicións: que introduzan novos coñecementos, que sexan internacionais, interuniversitarios ou vencellados aos perfís dos campus.

Que vai pasar cos títulos duplicados? Quérense manter se teñen demanda de estudantado e demanda social.

Por último, a intención da Xunta de Galicia é a de reducir títulos. Hai un problema co número de estudantes polos datos de poboación.

O decano informa tamén da reunión que mantivo o pasado venres na Universidade do Minho. Os resultados non foron moi positivos debido a que a esa universidade non se lle permite abrir títulos internacionais. Hai tamén un contacto iniciado coa Universidade de São Paulo e outro cunha universidade de China.

Informa igualmente doutros esforzos que se están a facer para promocionar os graos, como o de acudir a máis centros de ensino secundario para dar a coñecer e explicar en particular o GCLEL, acudir a feiras de orientación como EDUGAL ou a que organizou o

Miquel Vergés, Joan
Montero Domínguez, Xoán
Montero Kúpper, Silvia
Pérez Guerra, Javier
Rodríguez Gallardo, Ángel
Yáñez Bouza, Nuria

Ausencias sen xustificar

Alonso Alonso, Rosa
Álvarez Suárez, Vera
Andrés Iglesias, Jesús
Arias Freixedo, Xosé Bieito
Baxter, Robert Neal
Candelas Colodrón, Manuel A.
Caneda Cabrera, M^a Teresa
Diz Ferreira, Jorge
Gómez Clemente, Xosé M^a
Gómez Guinovart, Fco. Xavier
González Álvarez, M^a Dolores
González López, Sixto
González Maestro, Jesús
Gregores Méndez, Javier
Ledo Hermida, Iria
Marcet Rodríguez, Helena Electra
Palacio Sánchez, Xosé Antonio
Parada Diéguez, Arturo
Peres Rodrigues, José Henrique
Powell Ríos, Jennifer
Rama Martínez, M^a Esperanza
Rocha Táboas, Celia
Rodríguez Yáñez, Xoán Paulo
Ruzicka Kenfel, Veljka
Salceda Rodríguez, Hermes
Santos García, Mercedes
Souto Villanustre, Ana
Urdiales Shaw, Martín

SIOPE o 26 de xaneiro. Para estas iniciativas solicita a colaboración de profesorado e estudantado.

Ábrese unha quenda de intervencións.

A profesora Becerra pregunta se para a manifestación de interese para os másteres o prazo é o mesmo e por que non se ten en conta a demanda do número de empregos que pode suscitar un grão. Di que non entende o criterio político que se aplica e exemplifica cos títulos de formación de profesorado. O decano aclara que o prazo é o mesmo.

A profesora Suárez Briones pregunta se se falou da desaparición do profesorado. O decano responde que non.

O profesor Sueiro pregunta en relación coas expresións de interese de mestrados se se vai pechar algún metrado da facultade. O decano non o prevé. A profesora Becerra di que o Mestrado de Artes Escénicas precisa ser mellorado, e que seu profesorado está a aproveitar a actual parada para darlle unha reorientación. Comenta que non tiña idea de que fose a ser algo tan urxente. O profesor Sueiro suxire un máster en español como lingua estranxeira. O decano comenta que todo o que sabemos son percepcións e opina que se pode facer a expresión de interese.


O decano solicita que as expresións de interese sexan entregadas antes do martes.

Sen máis asuntos que tratar, finaliza a sesión ás 13:58 h.

Vigo, 9 de febreiro de 2017

Visto e prace do Decano

A Secretaria




Luis Alonso Bacigalupe

M^a del Carmen Cabeza Pereiro
segundo o disposto polos artigos 6 e 7
do *Regulamento Interno da FFT*, 67 dos
Estatutos da Universidade de Vigo e 26.3 e
27 da *Ley de Régimen Jurídico de las
Administraciones Públicas y del
Procedimiento Administrativo Común*

DILIXENCIA para facer constar que esta acta foi aprobada, sen alegacións, na sesión ordinaria da Xunta de Facultade celebrada o día 4 de maio de 2017.

A Secretaria da Facultade



Mª del Carmen Cabeza Pereiro